

ANEXO I PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMbach

Dirección do proxecto	
Nome: Francisco Boán Fernández	
Enderezo electrónico: pacoboan@uvigo.es	Teléfono: 649 696 961
Co-dirección do proxecto	
Nome: Ángel Manuel Vázquez Dorrió	
Enderezo electrónico: angel.dorrio@amigosdaterra.es	Teléfono: 636 528 723
Bienio	2019_2021
Número de participantes (máx. 4)	catro

Título

Inflúe a música en actividades do alumnado de secundaria?

Resumo

Trátase de coñecer a posible influencia de estar a escoitar música sobre diversas actividades do alumnado de secundaria. Para iso tratarase de medir como é a resposta dos alumnos respecto a diversos parámetros cando se atopan escoitando música ou en silencio. Devanditas análises centraranse en ver as posibles variacións en comprensión lectora, influencia na capacidade para desenvolver unha actividade de lóxica, influencia na realización dunha actividade matemática e ver a posibilidade de variacións na realización dunha actividade que implique unha percepción tridimensional dun obxecto.

Obxectivo

Os obxectivos que se pretenden alcanzar con esta proposta de investigación son varios:

- Introducir ao alumnado de STEMbach nunha forma de traballo científica, isto é, no que se desenvolva o método científico.
- Que o alumnado se de conta de que o traballo científico non é algo pechado, senón que ao contrario, debe estar constantemente facendo preguntas ante os resultados que se van obtendo e, moi probablemente, reformulando o que inicialmente se había hipotetizado.
- Aprender a realizar deseños experimentais que lles permitan dar resposta as preguntas formuladas, e a modificación dos mesmos para tratar de responder a novas cuestións que se manifestan ao longo dun traballo de experimentación.
- Que coñezan un pouco máis sobre os factores que poden influír nas súas actividades.

Plan de traballo

O plan de traballo que se propón é:

- Elaborar o dossier coas propostas dos diversos tipos de actividades que se exporán aos alumnos de secundaria.
- Elección das audicións musicais que se utilizarán na investigación.
- Realización na aula das actividades deseñadas.
- Tratamento dos datos: elaboración de gráficos e táboas.
- Análise dos resultados obtidos e conclusións.
- Elaboración dun dossier mantendo o estilo xeral dunha publicación científica.
- Elaboración dunha presentación que permita expoñer adecuadamente o proxecto, os seus resultados e as conclusións que se obteñan.